



## UNHA MESA NEGOCIADORA ILEXÍTIMA

O Estatuto dos Traballadores (ET) recolle o dereito á participación dos traballadores nos temas laborais dunha empresa. Tódolos artigos que recollen ese dereito din: “A intervención como interlocutores ante a dirección da empresa no procedemento de consultas corresponderá ós suxeitos indicados no artigo 41.4, na orde e condicións sinaladas no mesmo”.

O artigo 41.4 define con todo detalle esas “orde e condicións”. Empeza establecendo algo ben sabido: que poden negociar as seccións sindicais ou os comités. Pero seccións sindicais e federacións non son o mesmo. Aínda que as persoas fosen as mesmas, hai unha diferenza **xurídica**: se negocian as seccións sindicais, o poder legal permanece no ámbito dos traballadores da empresa. Se negocian as federacións, o poder legal pasa a elas, que terían capacidade para decidir tanto que persoas negocian (sexan ou non de Navantia) como a sinatura dun acordo. Cando non negocian as seccións sindicais, o artigo 41.4 deixa moi claras as regras:

*“b) Se o procedemento afecta a máis de un centro de traballo, a intervención como interlocutores corresponderá: En primeiro lugar, ó comité intercentros, sempre que teña atribuída esa función no convenio colectivo en que se acordara a súa creación”.* Como non temos intercentros, esta posibilidade queda desbotada.

O artigo continúa así: “Noutro caso, a unha comisión representativa que se constituirá de acordo coas seguintes regras:

*“1.ª Se tódolos centros de traballo afectados polo procedemento contan con representantes legais dos traballadores, a comisión estará integrada por estes”.* É o caso de Navantia e, por tanto, a negociación só a pode facer unha comisión formada por membros dos comités de empresa **en calidade de tales** (que é o relevante **xuridicamente**).

No artigo 87.1 tamén queda moi claro quen está lexitimado para negociar un convenio de empresa: “o comité de empresa, os delegados de persoal, no seu caso, ou as seccións sindicais se as houber que, no seu conxunto, sumen a maioría dos membros do comité”. As federacións non aparecen por ningures. Por tanto, na nosa opinión, Navantia-SEPI-PP cometerían unha ilegalidade se negocian con representantes das federacións.

**Pero desde un punto de vista sindical hai un aspecto moito máis importante: a negociación polas federacións sería ILEXÍTIMA.** Os traballadores de Navantia temos unha representación legal, que son os nosos comités. Os comités teñen o dereito e o deber de representarnos ó conxunto dos traballadores. *Gañemos CCOO* inclínase pola negociación a cargo dos comités porque están elixidos por toda a plantilla, son por tanto máis representativos que as seccións sindicais, é o modelo que CCOO defendeu historicamente e, sobre todo, porque cremos que así o quere a maioría da plantilla.

¿Admitiría *Gañemos CCOO* que negociasen as federacións? Admitiríámolo cunha condición: **se así o decidimos entre todos, SE ASÍ O QUERE A MAIORÍA DOS TRABALLADORES porque NO SINDICALISMO DE CLASE A ÚNICA FONTE DE LEXITIMIDADE SON OS TRABALLADORES. SÓ OS TRABALLADORES PODEMOS DECIDIR QUEN NOS REPRESENTA.** Por iso a representatividade non se pode

**“subcontratar”: un representante non pode traspasar a súa representatividade a terceiras persoas sen o consentimento dos representados. Se alguén opina que deben negociar as federacións, que o someta á decisión dos traballadores.**

### **¿É TODO ISTO TAN IMPORTANTE?**

Non insistimos tanto nisto por casualidade, senón porque pode chegar a ter unha importancia crucial. Levamos anos vivindo un retroceso no modelo sindical de CCOO. Nos tempos de Marcelino Camacho sería impensable que as CCOO permanecesen pasivas ante as agresións tan brutais que está a sufrir a clase obreira deste país. Pero a realidade é a que é: as direccións de CCOO e UGT só aparecen para facerse fotos co goberno do PP.

Lembremos o IV Convenio: houbo que recoller sinaturas para obrigar a convocar unha asemblea xeral que quería todo o mundo. ¿Quen se negaba a convocala? Os mesmos que defendían o IV Convenio. O sindicalismo claudicante sempre conduce a un sindicalismo xerárquico onde os “xefes” pretenden decidir e que os “curritos” nos resignemos submisamente. Isto débese a que, cando se aceptan recortes de dereitos, a participación dos traballadores convértese nun problema. Que os representantes dos traballadores utilicen a representatividade outorgada polos traballadores para dificultar a participación destes na toma de decisións é o colmo do burocratismo sindical. **¿CAL É A SOLUCIÓN? QUE OS TRABALLADORES NON NOS DEIXEMOS IR, COMO SE COMPROBOU NO IV CONVENIO.**

A burocracia sindical quere unha reforma do Estatuto dos Traballadores que elimine as principais competencias dos comités de empresa, quere convertelos en órganos decorativos, para que así todo o poder legal se concentre nos aparatos sindicais. E mentres non o consegue, actúa pola vía dos feitos consumados. Un exemplo: en 2015, o convenio provincial de Hostalaría de Tenerife estaba sendo negociado por unha comisión formada por 12 representantes de CCOO (do sector e elixidos en asemblea) e 3 de UGT. Pero, **xuridicamente**, quen negociaba era a federación. O 5 de agosto, eses 12 representantes foron cesados pola executiva da federación (¡por convocar, en contra do seu criterio, unha asemblea!) e substituídos por membros desa executiva. E con todo o mundo en contra de asinar o convenio (os negociadores lexítimos, o secretario xeral de CCOO de Canarias, a UGT, os comités de empresa dos hoteis tinerfeños e, o máis importante, as asembleas de traballadores), o 7 de agosto a executiva da federación aprobou asinalo por 5 votos a favor e 2 en contra. A Comisión de Garantías de CCOO avalou a sinatura por considerar que a executiva tiña competencia para facelo. A demanda xudicial presentada foi desestimada porque, como quen negociaba xuridicamente era a federación e a lei non establece nada sobre o procedemento interno dos sindicatos para elixir os seus representantes nunha mesa negociadora, o xuíz estimou que todo se axustara a dereito. E efectivamente foi así, aínda que sindicalmente foi un crime.

Navantia é a continuadora da Bazán, un referente do sindicalismo, canteira de cadros sindicais de primeiro nivel, incluído un ex secretario xeral de CCOO. Se en Navantia non temos capacidade para negociar os asuntos da nosa empresa, a solución non vai vir de fóra, onde as cousas están en xeral peor. Xa vimos a federación que temos cando veu aquí a defender que se asinase o IV Convenio. **O COMITÉ DE EMPRESA DEBE CONVOCAR INMEDIATAMENTE UNHA ASEMBLEA XERAL.** E se a maioría dos traballadores estamos en contra de que negocien as federacións e a mesa se constitúe con elas, entón deberemos estudar que facemos ante este intento descarado de decidir por todos nós. Na nosa opinión, a solución só pode vir dos propios traballadores a través dun proceso colectivo de pensamento e acción.